

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 5 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de ordenación forestal no monte veciñal en man común Serra do Eixo, no concello de Carballeda de Valdeorras (Ourense) (expediente 2020/0122).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental, do 4 de outubro de 2021, do proxecto de ordenación forestal no MVMC Serra do Eixo, no concello de Carballeda de Valdeorras (Ourense), promovido pola CMVMC de Candeda, Carballeda, Casoio, Domiz, Pasmazán, Riodolas, Robledo, Santa Cruz, Soutadoiro, Ricosenle, Viladequinta, Alixo, Raxoá e Millarouso.

Este informe poderase consultar na seguinte ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resolucions-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n).

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2021

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

CVE-DOG: zrg0r9b4-h1u3-7rq9-gsv7-gef7rr8ce2h2

